

INFORME PERFIL DE INGRESO ETSE

2025-26

Contido

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	3
DOBLE GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS.....	4
GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA	5
GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL	9
MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL.....	11
MÁSTER UNIVERSITARIO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS	13
MÁSTER UNIVERSITARIO EN TECNOLOXÍA DE ANÁLISE DE DATOS MASIVOS: BIG DATA.....	15
MÁSTER UNIVERSITARIO UNIVERSITARIO EN COMPUTACIÓN DE ALTAS PRESTACIÓNS	16
MÁSTER UNIVERSITARIO EN VISIÓN POR COMPUTADOR	18
MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL.....	19
MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA	20
MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTERNET DAS COUSAS: IoT	21

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Dos 104 estudantes matriculados no GrEI, 98 pertencen á comunidade autónoma de Galicia. A maioría, un 60,20%, proveñen da provincia da A Coruña seguido da provincia de Pontevedra cun 24,48%. O 15,30% do alumnado restante distribúese entre as provincias de Lugo e Ourense. Cabe destacar que só un 11% do total de estudantado de nova incorporación corresponde a mulleres supoñendo un descenso do 15% sobre os datos do curso pasado.

A nota de corte de acceso á titulación rompe coa súa tendencia á alza destes últimos anos e descende até un valor de 10,086, perdendo 1,31 puntos respecto ao curso pasado. Este descenso concorda tamén co descenso na nota media do bacharelato do estudantado que accedeu á titulación (11,543). Neste sentido, cabe destacar que o 71,87% dos estudantes posúen unha nota igual ou superior ao 11, mentres que para o 28,13% restantes a nota atópase entre 10 e 11.

Nos resultados da enquisa de nova incorporación pódese destacar que unha porcentaxe moi alta do estudantado provén de Centros de Ensino Secundario de carácter público, sendo a modalidade de Bacharelato maioritaria a de Ciencias e Tecnoloxía. Entre as materias optativas cursadas durante a súa etapa de bacharelato, o estudantado sinalou as materias de Física e Física e Química por encima da materia de Tecnoloxía da Información e da Comunicación, a cal obtén unha porcentaxe similar ás materias de Debuxo Técnico 1 e 2.

Entre as fontes de información sobre a titulación máis valoradas atópase a páxina web da USC, os comentarios doutras persoas e a dirección do centro de estudos no que cursaban o bacharelato. Cabe destacar que só tres persoas indica os Encontros Virtuais da USC como fonte de información e 13 dos enquisados indican como fonte as visitas do programa A Ponche da USC.

En canto aos motivos que levaron ao estudantado a seleccionar o noso título podemos destacar que a gran maioría dos enquisados seleccionaron a opción de decisión propia e as boas saídas profesionais como os máis destacadas. Tamén cabe subliñar que a maioría dos enquisados seleccionou o noso título como primeira opción.

No referente á información sobre aspectos da titulación coñecidos previamente polo o de novo acceso, cabe resaltar que os enquisados tiñan un gran descoñecemento da memoria oficial da titulación, dos horarios de primeiro curso e das redes sociais da Escola.

A gran maioría dos enquisados indica que ten un alto coñecemento de inglés. Ademais, máis do 50% indica que lle gustaría recibir docencia en inglés. Con todo, a maioría non está interesado en programas de intercambio nin en participar en actividades de formación complementaria.

En xeral, a valoración da xornada de benvida é bastante alta.

DOBLE GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS

Todo o estudiantado matriculado no DG (12) pertence á comunidade autónoma de Galicia. Gran parte do estudiantado, un 41,67%, provén da provincia da Coruña, o 50% repártese a partes iguais entre Pontevedra e Ourense, quedando un 8,3% para a provincia de Lugo. Cabe subliñar que un 33% do total do estudiantado de nova incorporación corresponde a mulleres, o que equivale nun 6% máis que o curso anterior.

A nota de corte de acceso á titulación, a pesar de sufrir un descenso, continúa sendo moi alta, alcanzando este curso un valor de 12,094 (1,094 inferior á do curso pasado). Este dato concorda coa nota media do bacharelato, tamén moi alta, do estudiantado que accedeu á titulación (11,543) e que tamén descendeu unhas décimas (0,601) con respecto ao curso pasado.

Nos resultados da enquisa de nova incorporación pódese destacar que unha porcentaxe moi alta do estudiantado (case un 70%) provén de Centros de Ensino Secundario de carácter público, sendo a modalidade de Bacharelato maioritaria a de Ciencias e Tecnoloxía. Entre as materias optativas cursadas durante a súa etapa de bacharelato, o alumnado sinalou as materias de Física, Física e Química e Debuxo Técnico moi por encima da materia de Tecnoloxía da Información e da Comunicación.

Entre as fontes de información sobre a titulación máis valoradas atópanse a páxina web da USC, os comentarios doutras persoas, a dirección do centro de secundaria e os folletos informativos sobre os Graos. Cabe destacar que só unha persoa indica os Encontros Virtuais da USC como fonte de información e un dos enquisados indican como fonte as visitas do programa A Ponte da USC.

En canto aos motivos que levaron ao estudiantado a seleccionar o noso título podemos destacar a decisión propia e as boas saídas profesionais como os máis destacados. Tamén cabe subliñar que o 89% os enquisados seleccionaron o noso título como primeira opción.

No referente á información sobre aspectos da titulación coñecidos previamente polo estudiantado de novo acceso, cabe remarcar que os enquisados tiñan un gran descoñecemento da memoria oficial da titulación, dos horarios de primeiro curso e das redes sociais.

A gran maioría dos enquisados indican que ten un alto coñecemento de inglés, o que difire con que a gran maioría non está interesada en participar en programas de intercambio. Con todo, unicamente a algo máis da metade dos enquisados gustaríalle recibir docencia en inglés. Doutra banda, menos da metade dos enquisados estarían interesados en participar en actividades de formación complementaria.

En xeral, a valoración da xornada de benvida é bastante alta.

GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA

O Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) da USC incorporou un total de **65** estudantes (incluíndo 1 deportista ao 50%) de novo acceso (52% mulleres) no **curso 2025/2026**, dos cales 45 seleccionaron o título como 1ª opción (69,2%), 11 como 2ª, 6 como 3ª, 2 como 4ª e 1 como 5ª. A nota de corte final foi 9,916 e o 100% da matrícula realizouse pola cota xeral.

1. Orixe xeográfica do estudantado

Como en cursos anteriores, a maioría do noso estudantado provén das provincias de A Coruña e Pontevedra (Táboa 1), sendo practicamente a totalidade (62/64) da comunidade autónoma galega e soamente 1 de outras comunidades do territorio nacional xunto con 1 estranxeiro/a.

Táboa 1. Procedencia do estudantado de novo ingreso ao GrEQ

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula
España	63	Galicia	62	A Coruña	31
				Lugo	4
				Ourense	7
				Pontevedra	20
Estranxeiro	1	Outras comunidades	1		
		Países Unión Europea ou con acordo	1		
		Países sen acordo			

2. Formación previa

Todo o estudantado de novo acceso cursou Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (Figura 1), cunha nota media de 11,090 (Táboa 2). A gran maioría (48/56) procede dun centro público.




Figura 1. Materias cursadas no bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Fronte a promocións anteriores, resulta positivo constatar que do estudantado cursou materias fundamentais para este grao como son física (50%), química (95%) ou física e química (55%).

Táboa 2. Nota de admisión do estudantado de novo ingreso ao GrEQ

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados								
		[5 , 6)	[6 , 7)	[7 , 8)	[8 , 9)	[9 , 10)	[10 , 11)	[11 , 12)	[12 , 13)	[13 , 14]
Bacharelato	11,090					1	33	21	9	
Formación Profesional										

3. Coñecemento previo da titulación e da ETSE

Respecto da fonte principal pola que tiveron información do título (Figura 2), destaca o boca-a-boca (25/56) e a páxina web da USC (21/56) como canles principais de captación que se repiten ano tras ano. Resulta tamén relevante indicar o baixo impacto das feiras e folletos informativos da institución.




Figura 2. Fontes principais sobre o título

Respecto dos motivos para a elección da titulación (Figura 3), segue a destacar a motivación persoal (decisión propia: 43/56) acompañada das boas saídas profesionais (35/56).




Figura 3. Motivos de elección da titulación

En canto ao lugar de estudo, 9 das 56 persoas que responderon á enquisa valoraron a posibilidade de matricularse noutra universidade para realizar este estudos.

Respecto do coñecemento previo de diversos aspectos da titulación (Figura 4), non sorprende que a maioría non tivese consultado a memoria oficial da mesma. Pola contra, os aspectos máis prácticos do título (materias do 1º curso, plan de estudos global e a páxina web da titulación) eran previamente coñecidos pola grande maioría.



Figura 4. Coñecemento sobre o GrEQ antes do primeiro día de clase

4. Coñecementos transversais previos e participación en actividades

Na enquisa propia do centro, recóllese tamén información sobre a formación en ofimática e idiomas deste estudiantado de novo ingreso. No primeiro ámbito o estudiantado soamente síntese forte en procesadores de texto e editores de presentacións (Figura 5). No segundo ámbito, destaca de xeito moi forte a formación en inglés fronte a outras linguas estranxeiras (Figura 6).



Figura 5. Formación en ofimática




Figura 6. Formación en idiomas

En liña co curso pasado, unha baixa porcentaxe do estudiantado indica estar interesado en recibir docencia en inglés aínda que aumenta o intereses en facer unha mobilidade nacional ou internacional durante os seus estudo (Figura 7).




Figura 7. Interese en aspectos complementarios ao GrEQ

5. Valoración da xornada de benvida

A xornada de benvida, composta por unha parte xeral de benvida ao centro e unha parte específica de benvida ao título, foi moi ben valorada (Figuras 8&9) atopándose a gran maioría de respostas nas etiquetas de ben e moi ben.




Figura 8. Valoración dos aspectos xerais da Xornada de Benvida



Figura 9. Valoración dos aspectos particulares da Xornada de Benvida

Pecha este informe a consulta sobre as RR.SS. preferidas polo estudiantado de novo acceso para recibir información da ETSE (Figura 10), dominando totalmente Instagram (rede onde a ETSE ten conta) seguido na longa distancia por TikTok (rede onde a ETSE non ten conta).




Figura 10. Redes Sociais de preferencia para o estudiantado de novo acceso

FONTE: Datos aportados pola Universidade + Enquisa realizada polo centro ao Estudiantado de nova incorporación (taxa de resposta = 85% (56 de 66))

GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Datos de acceso (CiUG)

	2025/26	2024/25	2023/24	2022/23
Núm. Prazas	50	50	50	50
Persoas matriculadas tras a última chamada	54 (108%)	56 (112%)	55 (110%)	54 (108%)
Primeira preferencia	39 (72,2%)	45 (80,4%)		
Nota de corte	10,846	11,184	12,18	11,87
Nota media Bach.	11,877	12,144		
Mulleres	18 (34%)	15 (27%)	21 (41%)	17 (31%)
Procedencia do estudantado da cota xeral				
• Provincia	50	52		
• Resto Galicia	23(46%)	22(42%)		
• Resto España	24 (48%)	28 (54%)		
• Outros países	2(4%)	1 (2%)		
	1 (2%)	1 (2%)		

O número de persoas matriculadas segue a tónica dos tres cursos anteriores, por encima do número de prazas (108% fronte a media histórica de 109,5%). A nota de corte de bacharelato baixou lixeiramente, igual que a nota media de acceso de Bacharelato.

O número de mulleres volve incrementarse para situarse no 34%, lixeiramente por enriba da media histórica (32%)

Sobre a procedencia, só o 42% do estudantado procede da propia provincia, sendo a procedencia maioritaria o resto de Galicia (54%) e incrementándose o número de estudantes do resto de España (4% fronte a 2% do curso anterior).

Enquisa estudantado nova incorporación 2024-25

A enquisa foi realizada durante a xornada de benvinda, día 8 de setembro de 2025, presencialmente, facilitando o acceso mediante un código QR.

Destacan como datos mais relevantes:

- O estudantado que respondeu procede ao 82% do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, fronte ao 100% do curso pasado. Dous estudantes son do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. As optativas maioritarias son Física e Química, TIC e Debuxo, que son as mesmas que o curso pasado. Non hai cambios significativos no perfil de entrada.
- A fonte principal de información é a web e os comentarios doutras persoas, igual que o curso pasado. Pero este curso destacan tamén como fontes de información relevante as Redes Sociais (Instagram é a súa rede de preferencia case unanimemente), as visitas de A Ponte e a orientación do centro de secundario, que fora a terceira mais relevante o curso pasado.

- A grande maioría (73% elixiron a titulación como primeira opción, fronte a un 88% o ano pasado). Menos da metade (36%) consideraron outros centros para cursar a titulación. Os estudantes de 2ª opción tiñan matemáticas como primeira.
- A percepción da xornada de benvida mellorou fronte ao curso pasado, xa que a práctica totalidade de respostas a cualifican como boa ou moi boa en todas as dimensións, especialmente no horario e utilidade. Tres das respostas cualifican a difusión da xornada como regular. Globalmente a cualificación da información sobre a titulación é boa ou moi boa.
- O nivel de participación na enquisa foi do 20% (11 respostas), claramente menor que os cursos anteriores (34% e 46%, respectivamente), polo que é un aspecto que continúa a ser mellorable.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL

Procedencia xeográfica, xénero e titulacións previas

No presente curso académico matricularonse 22 estudantes. Deles, o 45% proceden de universidades galegas, principalmente da Universidade de Santiago de Compostela. Un 8% provén doutras universidades españolas, outro 8% de institucións de países da Unión Europea como Francia e Reino Unido, un 34% de países latinoamericanos, e un 5% de China. Mantense así un perfil de procedencia xeográfica moi diverso, con unha notable representación de estudantes galegos, especialmente da USC, que achegan preto da metade da matrícula.

Cómpre destacar que se recibiron numerosas solicitudes de estudantes do norte de África e Oriente Medio. Porén, durante as primeiras semanas xurdiron certas dificultades debido á incerteza sobre a súa continuidade no máster. Finalmente, confirmouse que estas sete persoas non seguirán cos estudos.

Respecto ao xénero, o 41% dos estudantes de nova matrícula son mulleres, unha porcentaxe lixeiramente inferior á doutros anos, que adoitaba rondar o 50%.

En relación coas titulacións previas, este ano obsérvase un cambio significativo: o 55% dos estudantes proceden de enxeñarías, destacando especialmente Enxeñaría Química e Enxeñaría Ambiental. É relevante sinalar que os estudantes internacionais teñen, na súa maioría, formación en enxeñaría, mentres que os nacionais proceden principalmente do ámbito das Ciencias.

Fontes de información e proceso de matrícula

As principais vías de información empregadas polos estudantes para coñecer o máster foron os comentarios doutras persoas (aproximadamente un 60%) e a busca en internet (ao redor dun 30%). Dentro das buscas en liña, destacan especialmente a páxina oficial da USC e a web da ETSE.

Outras fontes dixitais mencionadas polos estudantes que poderían ser de interese para obter información sobre o máster inclúen: redes sociais, páxinas web do Ministerio de Educación e unha plataforma emerxente chamada YAQ, que funciona como comunidade estudantil.

Este ano, a maioría dos enquisados (7 persoas) indicaron non ter tido ningún problema para acceder á información sobre a titulación. Porén, unha persoa sinalou dificultades relacionadas coa falta de contacto co persoal universitario durante o período estival, e outra mencionou problemas para acceder de forma clara aos horarios do curso.

Respecto a posibles melloras no proceso de información e matrícula, tres participantes consideran que non é necesario realizar cambios. Non obstante, outros estudantes propuxeron varias suxestións, entre elas: enviar recordatorios sobre os prazos importantes; facilitar a xestión dos alumnos pendentes de presentar o Traballo Fin de Grao (TFG); evitar que o persoal administrativo responda correos electrónicos copiando e pegando fragmentos da normativa, sen unha explicación personalizada.

Formación previa

A maioría dos estudantes considera que posúe un nivel alto ou moi alto en Ciencias. No caso das enxeñarías, a valoración é algo máis baixa, aínda que existe un equilibrio entre quen se perciben con formación media-alta e aqueles con formación media-baixa.

Respecto ás competencias en matemáticas, a distribución é similar á das enxeñarías, cunha media de 3,36 sobre 5.

En canto á formación en ofimática, os resultados son similares aos doutros anos. Os estudantes considéranse mellor preparados no uso de procesadores de texto, seguidos de preto por programas de presentacións. As competencias en follas de cálculo amosan unha lixeira mellora respecto ao curso anterior.

Valoración inicial do Máster

Os aspectos mellor valorados do máster son:

- Prácticas externas obrigatorias: 4,71
- Visitas de campo: 4,64
- Participación de poñentes externos de empresa: 4,50
- Prácticas experimentais de laboratorio: 4,36
- Carácter multidisciplinar do equipo docente: 4,29

Pola contra, a oferta de materias optativas en inglés non se considera prioritaria (3,29).

Máis do 85% dos estudantes están de acordo ou moi de acordo en que o máster ten unha imaxe de calidade. O 76% considera clara a información sobre as actividades académicas, e máis do 70% valora positivamente a distribución modular das materias e a calidade dos medios dispoñibles no centro. Porén, novamente obsérvase un baixo interese polas materias en inglés.

A práctica totalidade dos estudantes valorou moi positivamente o acto de benvida, considerándoo claro e útil.

En canto ao interese polos módulos do máster, destacan:

- Módulo 2 (Xestión Ambiental): 4,64
- Módulo 3 (Tecnoloxías): 4,57
- Módulo 5 (Aplicación e Innovación): 4,14
- Módulo 1 (Bases): 4,00

O Módulo 4 (Gobernanza) recibiu unha valoración inicial máis baixa (3,29), posiblemente debido ao descoñecemento dos seus contidos. Porén, en edicións anteriores foi un dos mellor valorados unha vez cursado, o que suxire que sería conveniente mellorar a súa difusión e presentación previa.

Obxectivos laborais

Os intereses profesionais dos estudantes mantéñense similares aos doutros anos. O obxectivo principal é traballar nunha empresa (4,64), seguido polo emprego en administracións públicas (3,79) e na investigación (3,21). O sector educativo tamén obtén unha puntuación de 3,21. Finalmente, o traballo como autónomo recibe a valoración máis baixa (2,36).

MÁSTER UNIVERSITARIO UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2025-2026. Recibíronse 6 respostas, que sobre unha matrícula real de novo ingreso de 8 estudantes (setembro/outubro 2025) representan unha taxa de resposta do 75 %.

Os datos máis salientables que se poden extraer da análise dos resultados son os seguintes:

- Un 33% de respondentes é de fóra de Galicia (nomeadamente de Chile, cursando o MEQB a través do convenio de dobre título coa Pontificia Universidad Católica de Valparaíso).
- Un 66% indica que obtivo información sobre o máster a través de charlas, mentres que un 33% a obtivo a través de comentarios de outras persoas. Estas mesmas opcións foron tamén as predominantes no ano precedente.
- A cualificación media da titulación de acceso está comprendida entre 6,0 e 7,4 para o estudantado de Galicia, mentres que para o foráneo está no rango 8-9.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster, un 83% opta por “nivel alto: pode ser moi interesante” e un 17% por “nivel medio”. Estas porcentaxes están en liña coa expectativa reflectida na enquisa análoga do ano anterior.
- Dentro das fontes mellores para obter información do máster, un 83% prefere opta polos comentarios doutras persoas, mentres que un 17% pola internet. De entre as opcións no eido da internet, dentro da disparidade de respostas, a opción maioritaria fai referencia ás redes sociais.
- Os seguintes aspectos característicos do máster obteñen todos eles unha puntuación de 4,0 ou superior (nunha escala 1-5): recoñecemento externo do máster (4,83); visitas de campo (4,83); elevada porcentaxe de créditos prácticos (4,67); prácticas externas obrigatorias (4,67); profesorado multidisciplinar (4,50); e participación de conferenciantes de empresa (4,33). Por debaixo dese limiar queda a valoración do aspecto referido a unha duración de 90 ECTS (3,83).
- Nunha valoración análoga para os módulos do máster, destaca ó igual ca en anos precedentes o módulo 5a (Prácticas en empresa) cunha puntuación promedio de 5,00, seguido de: módulo de investigación e sostibilidade (4,67); módulo de deseño holístico de procesos (4,17); TFM (4,17); módulo de dirección e xestión empresarial (3,50); e módulo de bioprocessos (3,40).
- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa (4,67 de valoración promedio na escala 1-5), igual ca en anos precedentes, seguido a certa distancia por traballar en investigación (4,00), que repite no segundo posto. As outras opcións, nomeadamente traballar no sector da educación (3,67), traballar na administración (2,67) e traballar como autónomo (2,33) (que volve ser un ano máis a opción menos valorada) obteñen valoracións menores.
- A autopercepción da cualificación en ofimática é valorada en promedio cun 3,83, mentres que no que respecta á lingua inglesa éo cun 4,00 (escala 1-5). Un 50% dos respondentes posúe un certificado oficial que acredita un certo nivel de desempeño en inglés. En relación ó uso de simuladores de procesos químicos, a autovaloración correspondente conduce a un promedio de 3,17, sendo Hysys claramente o simulador comercial de referencia.
- Respecto de diversas afirmacións sobre o máster, obtivéronse xeralizadamente valoracións promedio algo superiores ás do ano precedente. En particular, estas valoracións para cada ítem, na escala 1-5, foron:
 - Este máster ten unha imaxe de calidade: 4,33

- A información sobre as actividades académicas é clara: 4,83
- A distribución dos contidos en módulos ó longo do curso é un acerto: 4,50
- Os medios dispoñibles na ETSE (aula, laboratorios, biblioteca...) son de alta calidade: 4,67
- Participación de conferenciantes de empresa: 4,67
- O acto de benvinda e presentación foi claro e útil: 4,50

MÁSTER UNIVERSITARIO EN TECNOLOXÍA DE ANÁLISE DE DATOS MASIVOS: BIG DATA

Hai 16 estudantes de novo ingreso matriculados. O perfil de ingreso de nova matrícula foi dun 87,5% de homes e un 12,5% de mulleres. O estudantado tiña a seguinte formación previa:

Enxeñaría Informática:

- USC: 8
- Outras universidades españolas: 2
- Estranxeiros: 2

Física:

- USC: 3

Matemáticas:

- USC:1

MÁSTER UNIVERSITARIO UNIVERSITARIO EN COMPUTACIÓN DE ALTAS PRESTACIÓNS

No curso académico **2025–2026** matricúlanse **13 estudantes**. O máster conserva o seu **carácter internacional**.

Distribución por xénero

- **Homes:** 10 estudantes (76,9 %)
- **Mulleres:** 3 estudantes (23,1 %)

A porcentaxe de mulleres **aumenta respecto ao curso anterior (do 15% ao 23%)**, o que supón un avance significativo na representación feminina dentro das áreas STEM e da computación avanzada.

Distribución por nacionalidade e universidade de procedencia

O estudantado procede de **9 países distintos**, reforzando a proxección internacional do máster:

País	Nº de estudantes	Universidades destacadas
España	4	Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universitat de València
China	2	Escola Técnica e de Formación Profesional de Lishui, Imperial College London (estudiante chinés con formación no Reino Unido)
Venezuela	2	UNITEC, Universidade Central de Venezuela
Alxeria	1	Universidade de Béchar
Iraq	1	University of Anbar
Andorra	1	Universitat Carlemany
Brasil	1	Universidade Presbiteriana

Destaca a **ampla presenza internacional (69,2%)**, con representación de **Asia, América Latina e Oriente Medio**.

O máster continúa sendo **moi atractivo para estudantes latinoamericanos e asiáticos**.

Distribución por titulación de orixe

As titulacións previas amosan un perfil técnico dominante, coherente cos obxectivos do programa:

- **Enxeñaría Informática / Enxeñaría en Computación:** 3 estudantes (23,1 %)
- **Enxeñaría en Información / Software / Redes / Telecomunicacións:** 4 estudantes (30,8 %)
- **Ciencias de Datos / Data Science:** 2 estudantes (15,4 %)
- **Física:** 2 estudantes (15,4 %)
- **Enxeñaría Mecánica:** 1 estudante (7,7 %)
- **Licenciatura en Sistemas de Información:** 1 estudante (7,7 %)

Predomina o **perfil TIC e enxeñeril**, con reforzo en **áreas de datos e física**, o que suxire unha **orientación cara á converxencia HPC-IA-Data Science**.

Modalidade de estudos

- **Presencial:** 8 estudantes (61,5 %)
- **A distancia:** 5 estudantes (38,5 %)

O número de estudantes en modalidade a distancia aumenta, reflectindo a **flexibilidade e o alcance internacional do máster**, que facilita o acceso de persoas fóra de España.

Este curso académico aumentamos un 10 % (unha praza) na modalidade a distancia, e na modalidade presencial está previsto cancelar a matrícula dun alumno estranxeiro de Oriente Medio por non presentar a documentación.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN VISIÓN POR COMPUTADOR

Número total de estudantes- 8 (5 homes e 3 mulleres)

Número de estudantes de universidades españolas- 2

Número de estudantes da USC- 1

Número de estudantes de universidades estranxeiras- 6

Procedencia e titulación de orixe do estudantado:

Bin Liu (home)- Industrial Engineering (Enxeñaría Industrial)- University of Xian (China)

Fernando de Valenzuela Bandín (home)- Grao en Multimedia- Universidade Oberta de Catalunya-

Muhammad Mohsin Faryad (home)- Bachelor of Science in Information Technology (Grao en Tecnoloxías da Información), University of Okara (Pakistán)

Gagandeep Kaur (muller)- Bachelor and Master in Computer Science- Grao e Máster en Enxeñaría Informática, Lyallpur Khalsa College, Jalandhar, (India)

Hira Qayyum (muller)- Bachelor of Science in Software Engineering (Grao en Ciencia e Enxeñaría do Software), University of Faisalabad, (Pakistán)

Brais Martínez Adrover (home)- Grao en Robótica- Universidade de Santiago de Compostela

Eda Ozge Ozler (muller)- Bachelor of Software Engineering (Grao en Enxeñaría do Software), TED University, Ankara (Turquía)

Sama Ullah (home)- Bachelor of Science (Grao en Ciencias)- Arid Agriculture University, Rawalpindi (Pakistán)

MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

O número total de estudantes de novo ingreso na USC é de 16. O perfil de ingreso en MIA é maioritario en Informática (37,5%), seguido de graduados en Matemáticas (19,5%), Robótica (12,5%), Física (12,5%), e outras enxeñarías como Telecomunicacións Electrónica e Tecnoloxías Industriais. Do total de estudantes matriculados/as, o 19% proceden de centros estranxeiros, e o resto de centros nacionais. O 75% do estudiantado procede de universidades galegas e o 62,5% realizou o grao na USC. O 25% do total son mulleres.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA

Durante o curso 2025-26, matricularonse no Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga (MUXSA) 8 estudantes de novo acceso, todos eles a tempo completo: 1 na USC, 4 na UDC e 3 na UVIGO.

Dos 8 estudantes matriculados, o 87,5% son mulleres e o 12,5% restante son homes. Asimesmo, o 62,5% dos estudantes son españois e o 37,5% restante son estranxeiros (Cuba e Venezuela, respectivamente).

En canto a titulación de acceso dos 8 estudantes matriculados, o 87,5% proceden de Graos ou titulacións de Enxeñaría (Enxeñaría de Obras Públicas, Enxeñaría Hidráulica, Enxeñaría Química e Enxeñaría Forestal) e o 12,5% restante de Graos ou titulacións de Ciencias (Ciencias Ambientais).

A estudante matriculada na USC procede do Grao en Ciencias Ambientais cursado na UVIGO.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTERNET DAS COUSAS: IoT

Temos 10 estudantes de novo ingreso (7 homes-3 mulleres).

O 55% proceden do SUG (4 USC, 2 UVIGO) e o resto, o 45%, de universidades non pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior: 2 de China, 2 de Alxeria e 1 de Venezuela. Temos un incremento substancial de estudantes procedentes do SUG con respecto ao curso pasado, toda vez que o máster é máis coñecido entre o noso estudiantado neste segundo curso tras a implantación.

Por titulacións de ingreso atopamos:

Grao en Robótica, 1

Grao en Enxeñaría Informática: 5

Grao en Enxeñaría do Software: 1

Grao en Enxeñaría Técnica Industrial: 1

Sen datos: 2 (arxelinos)